

**CONTA XERAL ANO 2020**  
**MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CUSTO DOS SERVIZOS PÚBLICOS**

## 1. - INTRODUCCIÓN E NORMATIVA DE APLICACIÓN

O Real Decreto Legislativo 02/2004, do 05 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece no seu artigo 211 que:

**"Os municipios de máis de 50.000 habitantes e as demais entidades locais de ámbito superior acompañarán á conta xeral:**

- a) unha memoria xustificativa do custo e rendemento dos servizos públicos
- b) unha memoria demostrativa do grao en que se cumpriron os obxectivos programados con indicación de los previstos y alcanzados co seu custe".

De acordo con esta disposición o presente estudio ten por obxecto establecer o custo, para o exercicio 2020 de cada un dos servizos que aparecen diferenciados no Orzamento do devandito exercicio.

Como é preceptivo, dito custo debe incluír a totalidade dos gastos directos e indirectos, mesmo os de carácter financeiro, amortización do inmovilizado e xerais que sexan de aplicación.

Un problema importante que se plántella é a falta de implantación no Concello dunha contabilidade de custos. Para solucionalo, utilizouse a información proporcionada pola Contabilidade Orzamentaria atendendo á clasificación por programas.

O proceso seguido foi o seguinte:

- 1.- Obtención dos distintos gastos, clasificados segundo a súa natureza económica: gastos de persoal, compra de bens e servizos, gastos financeiros, etc.
2. - Identificación dos centros de custo (mediais e finais).
3. - Asignación dos gastos directos a cada centro de custo.
4. - Reparto dos custos dos centros mediais entre os centros finais.
5. - Cuantificación do custo final de cada servizo.

## 2. - OBTENCIÓN DO CUSTO DOS SERVIZOS

### 2.1. - *Obtención do importe dos gastos*

Os gastos correntes imputables a cada servizo obtivéronse da contabilidade orzamentaria clasificados, para cada programa de gasto, en función da súa natureza económica a nivel de concepto.

Deste modo, para cada programa figuran calculados os seguintes tipos de gastos (dende un punto de vista económico) co detalle que se indica:

1. - Gastos de Persoal
  100. Retribucións básicas órganos de goberno
  110. Retribucións básicas persoal eventual
  120. Retribucións básicas persoal funcionario
  121. Retribucións complementarias persoal funcionario
  125. Atrasos
  130. Persoal laboral fixo





- 131. Persoal laboral temporal
- 143. Persoal indefinido
- 150. Produtividade
- 151. Gratificacións
- 160. Cotas sociais
- 161. Prestacións sociais
- 162. Gastos sociais

2. - Compra de bens correntes e servizos

- 202. Alugueiro edificios
- 204. Alugueiro vehículos
- 206. Alugueiro equipos proceso información
- 210. Reparación, mantemento e conservación infraestruturas
- 212. Reparación, mantemento e cons. edificios e outras construcións
- 213. Reparación, mant. e cons. maquinaria, instalacións e utillaxe
- 214. Reparación, mant. e cons. elementos de transporte
- 216. Reparación, mant. e cons. equipos proceso información
- 219. Reparación, mant. e cons. outro inmovilizado material
- 220. Material de oficina
- 221. Subministracións
  - 22100. Enerxía eléctrica
  - 22103. Combustibles e carburantes
  - 22104. Vestiario
  - 22110. Produtos de limpeza
  - 22199. Outros subministros
- 222. Comunicacións
- 224. Primas de seguros
- 225. Tributos
- 226. Gastos diversos
- 227. Traballos realizados por outras empresas
- 230. Dietas
- 231. Gastos de locomoción
- 233. Outras indemnizacións
- 240. Gastos de edición e distribución
- 260. Traballos realizados por institucións sen fins de lucro

3. - Gastos financeiros

- 310. Xuros de préstamos
- 352. Xuros de demora
- 359. Outros gastos financeiros

4. - Transferencias correntes

- 410. Consello Municipal de Deportes
- 467. Transferencias a Consorcios
- 479. Transferencias a empresas privadas
- 480. Atencións benéficas e asistenciais
- 489. Outras transferencias

**2.2. - Identificación dos centros de custo**

En ausencia de contabilidade analítica, utilízase a información que proporciona a clasificación por área de gasto, a nivel de programa, tomando os programas como centros de custo.

Alguns destes centros de custo teñen por obxecto a produción de servizos que son ofrecidos directamente aos cidadáns (recollida de lixos, abastecemento de auga, ...). Por este motivo



denomínanse centros de custo finais. Outros centros, polo contrario, realizan actividades que son necesarias para o funcionamento dos restantes servizos do Concello e denomínanse, por este motivo, centros mediais. O seu custo debe ser repartido entre os centros finais.

### **2.3. - Asignación dos gastos directos a cada centro de custo**

Para cada centro de custo (programa, na clasificación por área de gasto) tomáronse da contabilidade orzamentaria os datos correspondentes ás obrigas recoñecidas nos capítulos I (gastos de persoal), II (compra de bens correntes e servizos), III (gastos financeiros) e IV (transferencias correntes). A suma destes catro compoñentes proporciona o gasto corrente total correspondente a ese programa.

Aos gastos anteriores, e como un custo máis, directamente imputable a cada programa, debería engadirse a depreciación experimentada polos elementos de inmovilizado adscritos ó mesmo, depreciación cuxo reflexo contable recibe o nome de "amortización". Non foi posible, non obstante, proceder deste modo debido a que, aínda que existe un inventario que recolle os distintos elementos de inmovilizado, non está ultimada a conexión do mesmo coa contabilidade municipal e este feito fai moi difícil realizar os cálculos precisos para determinar, por programas, o custo da depreciación.

### **2.4.- Reparto dos custos dos centros mediais entre os centros finais**

Para efectuar esta distribución faise necesario elixir "claves de reparto" que, por unha parte, sexan doadamente cuantificables e, por outra, garden co centro de custo final unha relación similar á que co mesmo ten o centro medial cuxo custo estamos imputando. Dentro das múltiples posibilidades que se podían utilizar, elixiuse a que se propón na orde HAP/2075/2014, de 6 de novembro, pola que se establecen os criterios de cálculo do custe efectivo dos servizos prestados polas entidades locais, aínda que no seu preámbulo se indica que *"non é finalidade da presente orde determinar nin fundamentar os custes dos servizos públicos aos efectos da súa consideración nos informes técnico-económicos que se deben emitir con carácter previo aos acordos de establecemento de taxas ou de prezos públicos aos que se refire o artigo 25 do texto refundido da lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por RDL 2/2004, de 5 de marzo, nin á fixación dos prezos públicos nos termos do seu artigo 44, nin ao contido da memoria xustificativa do custe e rendemento dos servizos públicos mencionada no artigo 211 do mesmo texto legal..."*.

A mencionada Orde dispón, neste sentido (art. 5) que:

*"Os gastos recollidos nos grupos de programas relativos á Administración Xeral das políticas de gasto imputaranse proporcionalmente a cada grupo de programas ou programa atendendo ao seu volume de gasto.*

*Se na liquidación do orzamento se recolle información agregada correspondente a varios servizos, o gasto total imputarase a cada un deles proporcionalmente de conformidade co recollido no parágrafo anterior"*

De acordo con estas consideracións, no caso do alumeado público (grupo de programa 165) separáronse dentro das obrigas totais recoñecidas (3.101.900,73 €) aquelas que corresponden a grupos de programas distintos do 165. Os datos facilitados polo Servizo eléctrico mostran que este importe total repártese entre as seguintes finalidades cos porcentaxes que se indican:

Dependencias municipais	10,77 %
Auditorio	2,57 %
Escolas	9,48 %
Oficinas e locais sociais	18,44 %



Alumeado público	58,47 %
Resto enerxía	0,27 %
Total	100,00 %

Tendo en conta estes porcentaxes, repartiuse o importe total do consumo eléctrico entre os distintos servizos.

No caso do custo relativo á “débeda pública”, dadas as súas características peculiares, procedeuse primeiro a calcular a porcentaxe que dos préstamos a longo prazo contratados nos últimos anos (hai que ter presente que o Concello de Ourense ven prorrogando os orzamentos dende o ano 2014 ata o ano 2020, e que no orzamento 2020 non se preveu ningún préstamo) corresponde a cada centro de custo e, aplicando esta porcentaxe, obtívose o importe que dos xuros pagados no exercicio 2020 debe soportar cada centro de custo (os datos correspondentes figuran recollidos no anexo núm. 1, cadro 2, que se achega). O resultado obtido é o seguinte:

<u>Centro de Custo</u>	<u>% de Gastos Financ.</u>
920. Admón. Xeral	3,57
130, 132. Policía Local	0,33
134. Control de Tráfico	0,56
135. Protección Civil	0,23
136. Ext. Incendios	0,25
230, 231. 232, 233. Acción Social e dependencia	1,98
241. Fomento Emprego	5,05
311, 312, 313. Sanidade	0,03
320, 321. Educación preescolar + primaria	0,08
150, 151, 152. Urbanismo e Vivenda	33,48
165. Alumeado Público	0,52
170, 171, 172, 179. Medio Ambiente	9,66
160, 161. Saneamento	8,55
162. Recollida Lixo	1,30
164. Cemiterios	0,68
330, 332, 333, 334. Cultura	3,08
337. Xuventude	0,31
341. Deportes	4,15
924. Part. Cidadá	5,47
153, 450, 459. Infraestruturas e Perímetro rural	10,03
931, 932. Admón. Financeira	2,56
430, 431. Comercio e Abastos	4,10
430, 432, 439. Turismo e Termalismo	3,02
Total	100,00

Polo que respecta aos demais centros mediais utilizouse como clave de reparto entre os distintos centros finalistas o seu volume previo de gasto. O resultado deste reparto figura recollido no anexo 1 (cadro 2), que se achega ao presente.

### **3.- CUANTIFICACION DO CUSTO DOS SERVIZOS**

Aparece como a suma dos gastos directos (as obrigacións directamente imputables a ese programa en contabilidade orzamentaria polos capítulos 1, 2, 3 e 4) máis os gastos indirectos procedentes do reparto do custo dos centros mediais entre os centros finais, utilizando as claves de reparto anteriormente comentadas. Os datos correspondentes figuran no anexo 1 (cadro 1).



TOTAL obrigas recoñecidas ano 2020	99.421.551,65 €
OR capítulo 6	3.788.237,17 €
OR capítulo 7	1.548.562,74 €
OR capítulo 8	317.239,84 €
OR capítulo 9	0,00 €
Custos a repartir	93.767.511,90 €

É importante facer fincapé na imputación de custos de facturas recollidas na conta 413 "Acredores por operacións pendentes de aplicar ó orzamento", en canto que recolle un montante que será imputado a exercicios posteriores ó 2020, se ben, cando esta imputación se produza incrementará o custo do servizo do ano no que esta imputación se leve a cabo, polo que é moi importante conseguir que ó peche deste exercicio este importe se reduza para tratar de evitar dentro do posible distorsións no custo anual nos servizos de cada exercicio orzamentario.

Esto é que se pode informar o respecto tendo en conta os escasos e limitados medios, tanto humanos coma materiais, cos que conta este servizo para a realización do seu traballo.

O Xefe do Órgano de xestión  
económica e orzamentaria,  
(documento asinado electronicamente a marxe)

